

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, A FUNDACIÓN ONCE E A ASOCIACIÓN INSERTA EMPLEO PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE INCLUSIÓN SOCIAL E ECONOMIA SOCIAL E DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

18 de novembro do 2016

COMPARECEN

Por unha banda,

Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria, nomeado polo Decreto 124/2015, do 4 de outubro, en representación da Xunta de Galicia, actuando en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e polo Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E por outra,

en representación de **Fundación ONCE para la Cooperación e Inclusión Social de Personas con Discapacidad (en adelante, Fundación ONCE).**

, en representación da Asociación INSERTA Empleo, (en adelante **INSERTA**).

Todas as partes recoñécense con capacidade xurídica para actuar no presente acto e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que entre as competencias que en materia laboral lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a da promoción do emprego e a formación profesional ocupacional, tendo atribuído o seu exercicio

a Consellería de Economía, Emprego e Industria, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993, de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional.

Que, co obxectivo de dar resposta eficaz ás demandas do mercado de traballo na promoción de novas oportunidades de emprego e tendo en conta que se considera a Formación Profesional como un instrumento básico dentro das políticas activas, é necesario promover unha oferta de formación profesional conducente a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego con discapacidade, mediante a cualificación, recualificación ou posta ao día das súas competencias profesionais.

SEGUNDO. - Que a Fundación ONCE, _____, ten como fin preferente o financiamento e desenvolvemento de programas que impulsen a plena integración social das persoas con discapacidade a través do emprego, a formación e a accesibilidade universal

TERCEIRO. - Que no marco dos seus fins fundacionais, para a Fundación ONCE é prioritario o desenvolvemento de accións tendentes á promoción da formación e o emprego das persoas con discapacidade en canto instrumento adecuado para a súa integración socio laboral. Neste ámbito, a FUNDACIÓN ONCE considera que o desenvolvemento de programas de formación é a vía máis axeitada para que as persoas con discapacidade desenvolvan as competencias profesionais que permitirán a súa inclusión no mercado laboral.

CUARTO. - Que a Asociación INSERTA EMPLEO, é unha entidade de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, _____, experta no desenvolvemento de programas de formación, emprego e consultoría especialmente dirixidos a potenciar a inserción laboral das persoas con discapacidade. O obxectivo da formación desenvolvida por INSERTA EMPLEO é proporcionar ás persoas con discapacidade que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ao mercado laboral, obxectivo compartido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A FUNDACIÓN ONCE considera imprescindible a participación de INSERTA EMPLEO na execución do Convenio, co fin de garantir unha plena e satisfactoria consecución deste.

A Comisión Europea, mediante a Decisión C 2015 5696, con data 6 de agosto de 2015, aprobou o Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) CC12014ES05SFOP012, e, mediante Decisión C 2014 9891 final, de data 12 de decembro de 2014, o Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEX).

Así mesmo INSERTA ten a condición de Beneficiario dos Programas Operativo do Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Inclusión Social y Economía Social (en adiante POISES) e/o o Programa Operativo de Emprego Xuvenil (en adiante POEX), realizando traballos en todo o territorio nacional.

No marco do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013 e do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, co obxecto de garantir o principio de adicionalidade dos fondos europeos e de promover a colaboración público-privada, a Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas ditou con data 28 de decembro de 2015 dúas resolucións polas que se publican a relación de proxectos aprobados no marco de ambas convocatorias, estes son:

- Nº de proxecto 39594 Talento Diverso para Empresas Sosteníbles (POISES)
- Nº de proxecto 39595 Impulsa Tu Talento (POISES)
- Nº de proxecto 39596 Fortalece Tu Talento (POISES)
- Nº de proxecto 39587 Activa Tu Talento (POEJ)
- Nª de proxecto 39588 Entrena Tu Talento (POEJ)

A FUNDACIÓN ONCE dispón de presuposto en Galicia para o período 2016–2019 para a realización de accións de mellora da empregabilidade xestionadas polos Programas Operativos de Inclusión Social e Economía Social e de Emprego Xuvenil, programas cofinanciados pola Fundación ONCE e o Fondo Social Europeo e destinadas a persoas demandantes de emprego con discapacidade.

No marco deste programa establécense as accións co seu correspondente ámbito de actuación local para o desenvolvemento dos itinerarios de formación en inserción profesional . Con carácter anual as partes asinarán as addendas nas que se incluírán as actividades formativas para as accións a realizar en cada exercicio e que se enmarcarán no presente convenio.

Na implantación práctica dos itinerarios observaranse en todo caso, os requirimentos recolleitos nos certificados de profesionalidade correspondentes, segundo o que a continuación se expón.

QUINTO.- As tres institucións comparten a crenza de que o mellor e o investimento prioritario é o capital humano. No momento actual é preciso actuar conxuntamente e tomar medidas combinadas que supoñan a optimización dos recursos previstos polas diferentes administracións e entidades para incentivar e dinamizar o mercado e fomentar as cualificacións dos recursos humanos e por isto acordan sentar as bases, definidas nas cláusulas que a continuación se recollen, para que o itinerario de formación recollido neste convenio, leve á acreditación, a través da expedición do correspondente certificado de profesionalidade, que en todo caso será emitido polo órgano competente da

Comunidade Autónoma de Galicia, despois de cumprir os requisitos previstos para iso no presente convenio.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente Convenio é articular unha colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria , a Fundación ONCE e INSERTA, que recolla as características e condicións que debe reunir a formación impartida no marco dos Programas POIES e POEX, a través dos itinerarios formativos asociados aos certificados de profesionalidade das actividades que se inclúen no Anexo I.

A formación impartida ao abeiro deste convenio desenvolverá todos os módulos formativos incluídos nos certificados de profesionalidade sinalados.

Os medios e materiais didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación responderán os requirimentos esixidos nos Reais Decretos que regulan os certificados de profesionalidade correspondentes a cada un dos itinerarios.

SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DE INSERTA

INSERTA obrígase mediante o presente convenio, a desenvolver os itinerarios formativos incluídos nos certificados de profesionalidade, recollidos no apartado primeiro do presente convenio, cumprindo cos requisitos esixidos na normativa de referencia. Sinaladamente comprométese a

1.- INSERTA comunicará á xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o calendario de desenvolvemento das accións formativas a impartir, o lugar onde se impartirá a formación teórica, o centro de traballo onde se realizarán as prácticas, o programa formativo en formato normalizado, co desenvolvemento de cada un dos módulos formativos que comprende a acción formativa a impartir, a duración e os equipamentos necesarios, e a relación dos docentes cos respectivos currículos. Ao finalizar as accións formativas comunicará a relación do alumnado que finalizou o curso con avaliación positiva.

2.- INSERTA realizará a selección de alumnos utilizando como criterios de selección o cumprimento dos requisitos esixidos polo certificado e a pertenza ao colectivo de persoas con discapacidade.

3.- INSERTA verificará, con anterioridade ao comezo da acción formativa, que os alumnos e alumnas reúnen os requisitos esixidos para acceder á formación do certificado de profesionalidade en base ao establecido na Orde de 7 de xaneiro de 2014 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e regúlanse as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- INSERTA comprométese a que a formación se desenvolverá en locais acreditados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a impartición das especialidades formativas referidas no presente convenio.

5.- INSERTA comprométese a someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como todas aquelas actuacións de avaliación, seguimento e control esixidas polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

6.- INSERTA comprométese a impartir o módulo de formación práctica en centros de traballo, segundo o previsto no artigo 5bis do Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e a comunicar á Consellería de Economía, Emprego e Industria os convenios de colaboración cos mencionados centros de traballo. O titor deste módulo será o designado polo centro de formación entre os formadores ou titores-formadores que impartirán os módulos formativos do certificado de profesionalidade correspondente, e será responsable de acordar co titor designado pola empresa o programa formativo deste módulo. Para establecer o programa formativo consideraranse as capacidades, criterios de avaliación e contidos establecidos para este módulo no certificado de profesionalidade. O devandito programa debe incluír criterios para a avaliación observables e medibles, e recoller, polo menos, a información que se indica no Anexo VIII da Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade. O seguimento e a avaliación dos alumnos realizarase conxuntamente polo titor do centro, o titor designado pola empresa e o responsable da empresa, segundo o modelo que figura no anexo IX da Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro.

7.- INSERTA comprométese a que todo o persoal docente, participante na formación, reúna as prescricións sobre formación e experiencia profesional recollidas no anexo IV de cada certificado, segundo o establecido nos respectivos Reais Decretos.

Cada módulo formativo do certificado poderá ser impartido, como máximo, por dous formadores, que deberán acreditar o cumprimento dos requisitos que se

establezan para cada módulo formativo no Real decreto que regule o correspondente certificado de profesionalidade.

8.- INSERTA comprométese a avaliar ao alumnado por módulos formativos de forma sistemática e continua, co obxecto de comprobar os resultados da aprendizaxe e en consecuencia, a adquisición das competencias profesionais, remitindo o acta de avaliación cos resultados obtidos polos alumnos/as, indicando se adquiriron ou non as capacidades en cada módulo formativo, no prazo máximo de 3 meses, segundo o establecido no artigo 14 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, e no modelo especificado no anexo VII na Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro.

9.- INSERTA comprométese a remitir a documentación que se requira para os procesos de seguimento e control da calidade das accións formativas, segundo o establecido nos artigos 14 e 18 do RD 34/2008, que regula os certificados de profesionalidade, e nos capítulos I e II do Título III da Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro.

10.- INSERTA comprométese a asesorar na tramitación da solicitude dos certificados de profesionalidade a todas as persoas que cumprindo os requisitos de acceso á formación, a finalicen con avaliación positiva.

11.- INSERTA comprométese a desenvolver a formación aquí recollida con medios económicos procedentes dos Programa Operativos POISES e POEX, cofinanciados pola Fundación ONCE e o Fondo Social Europeo.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA FUNDACIÓN ONCE

Fundación ONCE como Beneficiario dos Programas Operativos cofinanciados polo Fondo Social Europeo velará polo estrito cumprimento da normativa da Unión Europea establecida para a xestión e execución dos Programas Operativos de “Inclusión Social e Economía Social” e de “Emprego Xuvenil”. A Fundación ONCE na súa calidade de cofinanciador dos Programas Operativos POISES e POEX, participará neste convenio segundo as regras orzamentarias establecidas para esta zona obxectivo, isto é, aportando a Fundación ONCE o 20%, e o FSE o 80% do importe e non debendo sen embargo xustificar este feito máis alá da achega do acordo firmado entre a Fundación ONCE e INSERTA como beneficiarios e a propia Comisión Europea.

Fundación ONCE realizará o seguimento e control das accións formativas obxecto de este Convenio a implementación das cales se encomenda a INSERTA.

Fundación ONCE informará e atenderá todos os requirimentos que se realicen dende a Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e de calquera outros órganos de fiscalización e control, autonómicos, nacionais e da Unión Europea respecto da implementación das accións formativas contidas neste Convenio.

CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

A Consellería de Economía, Emprego e Industria comprométese a expedir os correspondentes certificados de profesionalidade, a quen o solicite e demostre superar todos os módulos correspondentes ao devandito certificado, a través da formación impartida por esta entidade correspondente aos itinerarios de formación recollidos no punto primeiro deste convenio, impartidos dentro dos Programas Operativos POISES e POEX de INSERTA , unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos no presente convenio e na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade.

En ningún caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquirirá ningunha responsabilidade respecto daquelas persoas que puidesen participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polos certificados de profesionalidade nin ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.

QUINTA.-COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha Comisión mixta para o seguimento do presente convenio, formada polo Conselleiro de Economía, Emprego e Industria ou persoa en quen delegue e un funcionario da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, o vicepresidente 1º executivo da ONCE ou persoa en quen delegue e un técnico/a designado por el, a secretaria xeral de INSERTA EMPLEO ou persoa en quen delegue e un técnico/a designado por ela:

Esta Comisión exercerá principalmente as seguintes funcións:

- Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulan na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.
- Vixilancia e seguimento do cumprimento do presente convenio.

Así mesmo, poderán asistir ás reunións desta Comisión os expertos que se designen en cada caso polas partes, e cuxa presenza se considere necesaria para o mellor desenvolvemento dos traballos. Con todo, a presenza dos devanditos expertos circunscribírase á súa calidade de asesores, non tendo en ningún caso dereito a voto, nin os dereitos executivos que corresponden aos membros da devandita Comisión.

Das reunións da Comisión Mixta de Seguimento levantarase, no seu caso, acta na que se reflictan de maneira escrita e detallada os acordos adoptados polos seus membros e o seguimento dos mesmos.

SEXTA.- CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

As partes comprométense a manter estrita confidencialidade respecto de calquera información de relevancia empresarial que lle sexan subministradas en méritos do presente Convenio, a non ser que por parte das mesmas se autorizase expresamente a súa difusión.

Este compromiso de confidencialidade farase extensible ao tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes que participan no convenio ou calquera das sociedades que integran os seus respectivos grupos de empresas puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente Convenio. Neste sentido as partes comprométense a cumprir adecuadamente e, en todo momento, as disposicións contidas na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante, “LOPD”), así como no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e en calquera outras normas vixentes ou que no futuro poidan promulgarse sobre a devandita materia, comprometéndose a deixar indemne á outra parte que participa no convenio de calquera responsabilidade que se puidese declarar como consecuencia do incumprimento das obrigacións que en materia de protección de datos de carácter persoal lles incumben a cada unha delas.

En particular, se para o correcto desenvolvemento da colaboración determinada no presente Convenio, Fundación ONCE ou INSERTA facilitasen ou desen acceso á Xunta de Galicia a datos de carácter persoal, ou a Xunta de Galicia facilitase ou dese acceso a Fundación ONCE ou a INSERTA a datos de carácter persoal, ben directamente ou ben a través de calquera das sociedades dos seus respectivos grupos de empresas que interveñan na execución do presente Convenio, este acceso será realizado en todo momento de conformidade co establecido na normativa vixente en materia de protección de datos, en virtude do establecido no artigo 12 da LOPD, en función do cal se determina que a parte que, no seu caso, tivese acceso aos devanditos datos asumiría as seguintes obrigacións:

- Non aplicar ou utilizar os datos persoais para fins distintos aos que figuren no presente Convenio, nin cedelos nin sequer para a súa conservación a outras persoas.
- Gardar segredo profesional respecto dos mesmos, aínda despois de finalizar a colaboración delimitada polo presente Convenio.
- Cumprir en todo momento coas prescricións establecidas pola lexislación vixente en materia de protección de datos e trasladar as obrigacións citadas

nos parágrafos anteriores ao persoal que colabore e interveña no desenvolvemento das accións que se deriven do cumprimento do presente Convenio.

- Cumprida a colaboración delimitada polo presente Convenio, deberá destruír todos os datos de carácter persoal tratados, de forma que non poidan resultar recuperables nin reutilizables de ningún xeito.

SÉTIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio é de natureza administrativa, estando rexido nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas e as lagoas que se presenten, de acordo co artigo 4.2 da citada lei.

A Administración pública autonómica gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución do convenio, serán resoltas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- REXISTRO

O presente convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, tal e como establece o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

NOVENA.- EXTINCIÓN OU RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Son causas de extinción ou resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento por calquera das partes das súas cláusulas.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) O mutuo acordo

En caso de extinción ou resolución do convenio, calquera que fose a súa causa, as actuacións ás que vén referido o seu texto, e que no momento da

resolución ou extinción se atopasen en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento ata a súa finalización.

DÉCIMA.- CONSENTIMENTO DA PUBLICACIÓN

As persoas asinantes outorgan o seu consentimento para que os seus datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións nel contidas, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto, de acordo co que determinan o artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e demais medios previstos no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente Convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o 30/12/2019, sempre que non medie denuncia algunha das partes, formulada de forma fidedigna con tres meses de antelación, ou se dea por finalizado en calquera momento anterior por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa de forza maior.

Durante o período de vixencia do convenio, as partes asinarán, con carácter anual, as correspondentes addendas nas que se inclúan as propostas de actividades formativas para o período correspondente, seguindo o modelo de Anexo I. As referidas addendas non suporán, salvo que o recollan expresamente, unha modificación deste convenio

E, en proba da súa conformidade, as partes asinan este documento, por triplicado exemplar, na data indicada no encabezamento.

Pola Consellería de Economía,
Emprego e Industria

Pola Fundación ONCE

Francisco José Conde López

Por FSC INSERTA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, A FUNDACIÓN ONCE E A ASOCIACIÓN INSERTA EMPLEO PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE INCLUSIÓN SOCIAL E ECONOMÍA SOCIAL E DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

18 de novembro do 2016

ANEXO I

PROPOSTA DE ACCIÓNS CON CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE A REALIZAR NO ANO 2016

LIMPEZA DE SUPERFICIES EN MOBILIARIOS E LOCAIS

OURENSE SSCM0108 230 HORAS NIVEL I

LIMPEZA DE SUPERFICIES EN MOBILIARIOS E LOCAIS

LUGO COMT0211 230 HORAS NIVEL I

LIMPEZA DE SUPERFICIES EN MOBILIARIOS E LOCAIS

VIGO SSCM0108 230 HORAS NIVEL I

OPERACIÓNS AUXILIARES DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS E XERAIS

A CORUÑA ADGG0408 430 HORAS NIVEL I

SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS

PONTEVEDRA IFCT0209 600 HORAS NIVEL II

Reservas

DOCENCIA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

SSCE0110 NIVEL 3 A CORUÑA

CONFECCIÓN E PUBLICACIÓN DE PÁXINAS WEB

IFCD0110 NIVEL 2 VIGO